



**Texto:** Stephanie Baudet  
**Ilustracións:** Arianna Bellucci  
**Tradución:** Maruxa Zaera  
**Idioma:** Galego  
**Encadernación:** Rústica con solapas  
**IBIC:** YFA  
**Medidas:** 13 x 21 cm  
**Páxinas:** 112  
**ISBN:** 978-84-10049-10-9  
**PVP:** 14,00 €



## FICHA DIDÁCTICA

### OS SEÑORES DE REIGATE

Coa intención de que Holmes se recupere dunha investigación particularmente estresante, Watson organiza unha visita a un amigo no campo. Pero, despois dun roubo que desconcerta á policía local, Holmes vese envolto nunha rede de mentiras, chantaxe e asasinato. Só el pode dar cos viláns, se é que sobrevive a este caso....

*Os señores de Reigate* é o noveno título de Sherlock Holmes para pequenos detectives, unha colección amena e divertida cos mellores casos do detective máis famoso de todos os tempos.

### Antes da lectura...

- Describir que son os **prexuízos** e como nos afectan na sociedade.
- Explicar en que consiste o **método científico** e por que é a ferramenta máis axeitada para esclarecer un misterio:

1. Observa

2. Obtén información

3. Fai unha hipótese

4. Comproba se funciona

5. Saca unha conclusión

- Expoñer como o **estudo da caligrafía** e outras técnicas de **grafoloxía** poden axudar a resolver casos.

## Despois da lectura...

- Sherlock Holmes emprega algunhas tácticas pouco convencionais para resolver este caso e investigar a fondo o lugar do crime sen levantar sospeitas. Cales son? Cres que fai ben en non confesarllas a Watson e mais ao inspector até que xa descubre os culpables?
- Que é o que máis chama a atención a Sherlock da nota que atoparon na man de William Kirwan? Como o axuda a sospeitar quen puido cometer o crime?
- Que opinión tiña o inspector Forrester sobre os Cunningham ao comezo da historia? Cres que afectaría á resolución do caso se tivese que traballar el só, sen a axuda de Sherlock?
- Se ti foses detective, que comportamentos dos Cunningham che parecerían estraños ou sospeitosos?
- Sherlock deduce que as persoas que escribiron a nota son familia só ao ver a súa caligrafía. Fai unha proba: cres que a túa letra é semellante á dos teus pais ou teus irmáns? E como é a dos teus amigos e compañeiros da clase? Se a vises nun papel sen o seu nome, saberías identificar a quen pertence?

